



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Anuncio resolución de nomeamento de Iván Rumbo Ramos como funcionario de carreira, escala de administración especial, subescala técnica, praza enxeñeiro industrial, grupo A1 e asignación do posto de enxeñeira/o industrial

ANUNCIO

Anuncio resolución de nomeamento de Iván Rumbo Ramos como funcionario de carreira, escala de administración especial, subescala técnica, praza enxeñeiro industrial, grupo A1 e asignación do posto de enxeñeira/o industrial con código OM.1.1.03 na vixente relación de postos de traballo (BOP nº 143 de 9 de agosto de 2024)

Por resolución núm. 562 da concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior de data 5 de maio de 2025 resolveuse o seguinte, que en extracto di:

*“Primeiro.- Nomear a D. Iván Rumbo Ramos, con documento nacional de identidade núm. 47****87W, funcionario de carreira, da escala de administración especial, subescala técnica, praza de enxeñeiro industrial, grupo A1.*

Segundo.- Asignar a D. Iván Rumbo Ramos o posto de enxeñeira/o industrial, código RPT vixente OM.1.1.03.

O gasto efectuarase con cargo ás partidas 9332.12000, 9332.12100, 9332.12101 e a Seguridade Social con cargo á partida 9332.16000 (créditos derivados do posto de traballo con código MS.1.1.03 dos documentos orzamentarios)

Terceiro.- Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia.

Cuarto.- A toma de posesión efectuarase no prazo dun mes, a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a presente resolución, que é definitiva en vía administrativa, poderá interpoñer, con carácter potestativo, e sen prexuízo de calquera outros que estime oportunos, recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación, ante este órgano, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, ante o correspondente Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación -artigos 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 209 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa-

Con todo, e para o caso de Administracións Públicas, non caberá interpoñer recurso en vía administrativa, debendo estar-se ao disposto no artigo 44 da Lei da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

O que se publica de acordo ca base 9 da convocatoria.

Culleredo, 9 de marzo de 2026

A concelleira delegada de Cohesión Social,

Recursos Humanos e Réxime Interior

Marta María Figueroa Fuentes

P.D. Resolución núm.1260/2023, do 04.07.2023

(BOP núm. 131, do 11.07.2023)